



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 1 de xuño do 2022, adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos), para a execución das actuacións contempladas na memoria de Alcaldía incorporada ó expediente, expediente PLN/2022/3, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de 61.258,52 euros.

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 2 de xuño do 2022.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1495

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 26 de maio de 2022 o expediente de modificación de créditos número 6/2022, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 42.178,27 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Baralla, 30 de maio de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1423

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 681/2022 de modificación orzamentaria: crédito extraordinario.

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- c) Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 1425

BEGONTE

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón de actividades socioculturais e deportivas correspondente ao mes de maio de 2022, por un importe de 3.231,25€

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 28 de marzo de 2022.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1426

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 567/2022 E 568/2022. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2022.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 24 de abril de 2022 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 8.173,92 €, correspondendo 1.080,00 € a libre concorrencia e 7.093,92 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adedebados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 24 de maio de 2022.- O Alcalde – Presidente, Alfredo Llano García.

R. 1427

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/05/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga ,sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 2º bimestre do exercicio 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1428

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 23/05/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 24 de maio de 2022 ata o día 26 de xullo de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Leixa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 1429

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 24/05/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a maio 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes maio 2022 terá lugar neste municipio dende o día 25 de maio de 2022 ata o día 26 de xullo de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 24 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1430

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 3/2022, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de catrocentos noventa mil oitocentos euros (490.800,00 €), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.474.745,00.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.275.220,66.-
3.- Gastos financeiros.....	2.200,00.-
4.- Transferencias correntes.....	52.000,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	906.646,21.-
7.- Transferencias de capital.....	2.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.712.811,87.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 30 de maio de 2022.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1431

GUITIRIZ

Anuncio

MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS/AS CONCELLEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 592/2019

Na sesión plenaria de data 26 de maio de 2022 adoptouse o seguinte acordo en materia do réxime de adicacóns cuxa parte dispositiva é a seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar o réxime de adicacóns e retribucións da Delegada de Turismo e do Delegado de Xuventude e Deportes temporalmente durante a baixa por maternidade da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior (do 18/04/2022 ata o 09/08/2022) quedando do seguinte xeito:

Ambos delegados asumirán a adicación da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior a partes iguais (50% cada un), sendo tamén as retribucións na mesma proporción (50% cada un).

SEGUNDO.- As adicacóns terán efectos retroactivos dende a data en que a Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior comezou a baixa por maternidade e os dous Concelleiros delegados asumiron as funcións e comezaron a exercerlas de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015 (dende o 18/04/2022 ata o 09/08/2022).

Guitiriz, 27 de maio de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1447

LÁNCARA

Anuncio

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2021, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto na normativa vixente.

Láncara, 30 de maio de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1432

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO MAIO DE 2022

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data 26 DE MAIO DE 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **MAIO DE 2022** por importe de **799,61** EUROS (SETECENTOS NOVENTA E NOVE CON SESENTA E UN EUROS)

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 26 de maio de 2022.- A Alcadesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 1433

LUGO

*Anuncio***DECRETO Nº5461/2022 do 26/05/2022**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de TÉCNICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020), convocado polo Decreto Nº 2390/2021 do 26/03/2021 unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e tendo en conta:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro do 2021 adoptou, entre outros, o acordo 8/47, APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A DA ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2020).

- Polo Decreto Nº 2390/2021 do 26 de marzo do 2021, resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Técnico da Administración Xeral do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020).

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 088, do 20 de abril de 2021, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 127, de 6 de xullo de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 314 do 31 de decembro de 2021.

Con data do 31 de xaneiro do 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día nove de marzo de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 11/132 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A DA ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2020).

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria o día dezaseis de marzo de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o acordo 29/163 CORRECCIÓN ERRO DO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 09/03/2022 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OPE 2020).

- Decreto Nº 4010/2022 do 08/04/2022 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 2390/2021 do 26 de marzo do 2021 no que se refire ao acceso en propiedade a dúas prazas de TECNICO/A DA ADMINISTRACIÓN XERAL pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2020).

Dito decreto foi publicado no BOP nº 106 do 10 de maio de 2022.

- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día once de maio de dous mil vinte e dous adoptou, entre outros, o acordo 13/268 MODIFICACIÓN DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (OPE 2020).

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 25 de maio de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- Durante o prazo de emendas foron recibidas as solicitudes de dona Cristina Salgado Pato, dona Eva Mª Seoane Cazón e don Blas Torrón Folgueira aportando a documentación requirida.

Tendo en conta a proposta do Xefe de Persoal de data 25 de maio de 2022, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 2390/2021 do 26 de marzo do 2021 para o acceso en propiedade a dúas prazas de Técnico/a da Administración Xeral do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos de nome	DNI
AMIL LAREO, IGNACIO MANUEL	***2826**
ASTRAY VIQUEIRA, NATALIA	***5177**
BARRAL GONZALEZ, ROBERTO	***2245**
BARREIRO LOPEZ, GILBERTO	***4202**
BERMUDEZ GONZALEZ, PILAR	***1055**
BLANCO RODRIGUEZ, SORAYA	***0359**
CARBALLIDO ROCA, MARIA ANGELES	***6148**
CARRODEGUAS RODRIGUEZ, IVON	***0299**
CASAL VILLARES, JACOBO	***9943**
CASTELAO LLANEZA, ELENA	***4215**
CASTELO LOPEZ, TAMARA	***4702**
CELADA PENEDO, MARIA LORETO	***7242**
DE CELESTINO DEL BARRIO, RAFAEL	***3554**
DIAZ LOPEZ, EVA	***4497**
DIAZ RODRIGUEZ, FERNANDO	***6427**
DIAZ RODRIGUEZ, NOARA	***8272**
DIEGUEZ RODRIGUEZ, SONIA	***5564**
FERNANDEZ ABALO, JOSE MARIA	***9171**
FERNANDEZ QUINTAS, SANDRA MARIA	***3630**
FERRERO ARIAS, ANTONIO	***4860**
GARCIA REY, ANDRES	***3657**
GONZALEZ FERNANDEZ, IRIA	***4459**
GONZALEZ LOPEZ, JACOBO	***5688**

GONZALEZ NEIRA, MARIA SOLEDAD	***3043**
GONZALEZ NOVOA, MARIA RITA	***5710**
GRAÑA LAMAZARES, TAMARA	***4606**
LOPEZ CABANA, FERMIN	***5905**
LOPEZ CORRAL, CRISTINA	***5446**
LOPEZ RODRIGUEZ, MARTA	***4245**
LOPEZ TUSET, JULIA	***3797**
MANEIRO GARCIA, JOSE	***2947**
MORAN MELLE, IRIA	***2369**
MOSQUERA BERTOLO, VICTOR MANUEL	***9347**
MUIÑO NAVEIRA, SILVIA	***3096**
OROL CASTRO, ALFONSO ARTURO	***0998**
PEREIRA FERNANDEZ, MARIA ANGELES	***2853**
POMBO GALLEGU, NURIA	***3123**
REGUEIRA ESTEVEZ, DIANA	***1753**
REGUEIRO RODRIGUEZ, ALEJANDRO	***8020**
RICO MENDEZ, MARIA ANGELES	***0669**
RICO MENDEZ, MARIA BASILISA	***0256**
RODRIGUEZ SISO, BRUNO	***1727**
RODRIGUEZ VAAMONDE, MARIA DEL MAR	***0265**
SALGADO PATO, CRISTINA	***5865**
SAN ILDEFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	***9378**
SANCHEZ FERNANDEZ, ALMUDENA	***4156**
SARDA MIRAGAYA, JULIAN	***5932**
SEOANE CAZÓN, EVA MARÍA	***2973**
SILVA SANCHEZ, CARLOS	***7186**
SUAREZ GARCIA, MARIA	***7264**
SUBIRANA MOLINA, MARIA	***4948**
TORRENTE PEREZ, FRANCISCO DENIS	***5950**
TORRÓN FOLGUEIRA, BLAS	***4027**
VAZQUEZ GONZALEZ, MARIA	***4222**
VILAR REBOEIRAS, VERONICA	***7562**
VOYER CONDE, PABLO	***7868**
ZAPATA FOMPEDRIÑA, AMELIA	***3200**

EXCLUÍDOS/AS:

Apelidos de nome	DNI	Motivo de exclusión
COIRA LOPEZ, MARIA JOSE	***8594**	1
PONTE REIRIZ, IRIA	***1715**	1
RIO GARCIA, RUBEN	***3968**	1

(1) Non aportar xustificante do ingreso dos dereitos de exame

Segundo.- Facer público que, segundo o acordo 13/268 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 11 de maio de 2022 que modifica o acordo 11/132 adoptado pola Xunta de Goberno o 9 de marzo de dous mil vinte e dous, o tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Técnico/a da Administración Xeral pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2020); estará constituído do seguinte xeito:

Presidente/a:

- Dona María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello da Coruña

Suplente: D. Alejandro Maseda Mallo, Secretario Interventor da Fonsagrada

Vogais:

- Dona Lara Otero Díaz, Técnica de Administración Xeral do Concello de Fene

Suplente: D.^a Estefanía Manteiga Lamas, Secretaria do Concello de Fene.

- Don Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz

Suplente: D. Julio Torre Rodríguez, Xefe de Servizo de Laboratorio Div. Lab. Sanidade da Produc. Agraria

- Dona Luisa Fernández Pérez, Secretaria Interventora do Concello de Samos

Suplente: D. Xosé Manuel Cao Rei, Xefe de Servizo de Cultura do Concello de Lugo

Secretario:

- Don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez. Letrado Asesor/Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal do seguinte xeito:

Data: 08 de xuño de 2022.

Hora: 10:00 horas.

Lugar: A reunión celebrarase de xeito telemático (a través da aplicación Zoom)

Cuarto.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio do seguinte xeito:

Data: 15 de xuño de 2022

Hora: 17:00 horas.

Lugar: : Facultade de Veterinaria de Lugo. (Edificio Aulario, entrada por Estrada da Granxa s/n).

O tribunal cualificador reunirse as 10:30 horas na secretaría do Concello de Lugo.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Quinto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

*Anuncio***PUBLICACION DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, para a 16ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2021**

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, por Acordo núm. 6/247 adoptado na sesión ordinaria celebrada con data do catro de maio de dosu mil vinte e dous (4/05/2022), **ACORDOU:**

“PRIMEIRO.- APROBAR AS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, para a 16ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2021, así como os seus anexos (incorporanse en documento adxunto), cuxo teor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE LUGO”. FASE XVI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Excmo. Concello de Lugo asinou co Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (a través do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, IGVS) o “Acordo da comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Histórico de Lugo 16ª fase. Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de vivenda 2018-2021. Anualidade 2021”, co fin, entre outros, de acometer actuacións na rehabilitación dos edificios e vivendas do ámbito considerado, co fin de executar obras de recuperación de elementos comúns dos edificios, así como outras de adecuacións en materia de habitabilidade, salubridade, accesibilidade, aforro da eficiencia enerxética e seguridade estrutural das vivendas.

Para o seu desenvolvemento faise necesario arbitrar o oportuno procedemento a través das presentes bases, co fin de acadar unha intervención en prol da rexeneración e rehabilitación do recinto histórico, tendo como obxectivo entre outros; mellorar o sistema de axudas á rehabilitación facéndoo máis acorde ás necesidades sociais actuais, e mellorar a calidade da edificación, da súa eficiencia enerxética e da súa accesibilidade universal e conservación. Para elo tómase fundamentalmente o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Recinto Histórico de Lugo PEPRI como punto de partida e marco para a conservación das características físicas e tipolóxicas dos edificios.

En consecuencia, propónse un documento, que teña como premisa unha actuación coordinada entre as distintas administracións públicas que interveñen no programa, sentando as bases para a súa intervención no proceso rehabilitador e co fin de acadar na Área de Rexeneración e Renovación Urbana os seguintes obxectivos:

- Mellorar os tecidos residenciais existentes e recuperar funcionalmente o conxunto histórico.
- Recuperar o patrimonio arquitectónico do conxunto histórico preservando a tipoloxía edificatoria que obedece ó carácter residencial de orixe.
- Alcanzar unha intervención a favor da rexeneración e rehabilitación do recinto histórico, tendo como obxectivo todo o amplo concepto que transmite a palabra rexeneración, como a recuperación do contorno físico que permita ós actuais usuarios e veciños ver o seu contorno tradicional “recuperado”, sen que o excesivo custe de esta recuperación supoña a o abandono por parte dos veciños destes espazos e favorecendo o proceso de fixación e aumento de poboación na área.
- Promover obras de rehabilitación de edificios e vivendas co obxecto de mellorar as condicións de habitabilidade, accesibilidade, salubridade, illamento termo-acústico e ornato, fomentando a aplicación de novas tecnoloxías co fin de mellorar a eficiencia enerxética e sostibilidade do parque construído.
- E por último, facilitar a posta en marcha na Cidade Histórica das actuacións de rehabilitación edificatoria en consonancia coas directivas europeas que establecen o ambicioso obxectivo de lograr un parque edificado descarbonizado no ano 2050, implementado en España a través da Estratexia a longo prazo para a Rehabilitación Enerxética do Sector da Edificación (ERESEE) e a medio prazo co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC 2021-2030), incrementando fortemente o ritmo anual de rehabilitación e apostando pola renovación do patrimonio construído como forma de actuación en materia de economía circular e de adaptación ao cambio climático.

Por todo iso, e no ánimo de continuar no desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, e máis concretamente do Acordo da Comisión bilateral, anteriormente referido, para o financiamento das obras de rehabilitación dos edificios e vivendas, e demais aspectos específicos do Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Lugo 16ª fase, no marco do R.D 106/2018, de 9 de marzo polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e a Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS, polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Establécense entón as presentes bases para a concesión de axudas para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios do Casco Histórico de Lugo en relación á competencia deste Concello en materia de Patrimonio Histórico-Artístico e para a promoción e xestión de vivendas, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local. (25.2.a - Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación).

Artigo 1: Obxecto.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da **Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico de Lugo** con cargo ao convenio aprobado por Acordo 11/760 da Xunta de Goberno Local o 1 de decembro de 2021, e subscrito polo Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana, o IGVS e o Concello de Lugo para tal obxecto, no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

Estas subvencións están destinadas a cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de os adecuar aos estándares previstos pola normativa vixente; así como as actuacións previstas nos artigos 36 e 43 do RD 106/2018.

As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, seguindo a orde de prelación que resulte da valoración prevista nestas bases, ata esgotar o número de actuacións e/ou o crédito dispoñible previsto nos respectivos convenios asinados.

No caso de non se esgotaren o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volver a abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada por EVISLUSA e acordo da comisión avaliadora.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño e a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP do 18 de maio de 2005, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2.- Persoas ou entidades beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas ou entidades que asuman a responsabilidade da execución integral da Área de Rexeneración e Renovación urbana do Casco Histórico de Lugo.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos nos artigos 7.2 do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, e no ordinal Vixésimo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

Cando a execución da actuación corresponda a **varias persoas beneficiarias**, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas e/ou as entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións. Cando se trate dunha **comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias**, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da axuda como o custo das obras deban repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, dos locais comerciais ou leiras doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou en varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á devandita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se prorratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

De conformidade do art. 52 do R.D 106/2018, de 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade a vivendas, do programa de Fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento, ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou fosen suxeitos dunha revogación dalgunha das axudas contempladas neste plan ou en anteriores plans estatais de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias os promotores que houberan percibido axudas para actuacións privativas, na mesma vivenda, ás que se refire o artigo 4, nos 5 últimos anos a partir da data da cualificación definitiva. Sen embargo si poderán solicitar axudas, cando se trate de actuacións que afecten aos elementos comúns do edificio no que sexan titulares dunha vivenda.

Un mesmo promotor sexa persoa física ou xurídica só poderá ser beneficiario/a destas axudas nesta convocatoria por un máximo de unha actuación (vivenda), excepto que sexa para elementos comúns, caso no cal non se lle aplicará dita limitación. No caso dunha rehabilitación integral dun edificio con propietario único, non se aplicará dita limitación.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello estableza na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan nesta orde e demais normativa reguladora.

Artigo 3.- Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas ou entidades beneficiarias das subvencións haberán de cumprir as seguintes condicións:

- a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución e cualificación provisional.
- b) Destinar a vivenda a uso residencial.
- c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Deberán, así mesmo, cumprir os requisitos e obrigas establecidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Serán obrigas das persoas beneficiarias das axudas as citadas no artigo 14 da Lei 3 8/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvención.
- e) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado, ademais fronte á Seguridade Social.
- f) Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.
- g) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVLUSA) e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.
- h) Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

Artigo 4.- Tipos de actuación e gastos subvencionables.

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través das presentes bases deben ter o uso residencial. Non sendo subvencionable calquera outro uso (hoteleiro, oficinas, actividades profesionais, etc.).

Os edificios obxecto da rehabilitación terán división horizontal e cada unha das vivendas disporá da súa referencia catastral.

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son **actuacións subvencionables**:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, sempre que se consiga unha redución da demanda enerxética de polo menos o 35%, nos termos establecidos no citado artigo.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. Serán subvencionables as actuacións realizadas en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva ou nas vivendas situadas nestes edificios.

Todas as actuacións deberán dispoñer de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberanse axustar ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As devanditas actuacións definidas anteriormente estarán incluídas nos seguintes tipos:

I – Rehabilitación de edificios:

Son aquelas actuacións que afectan os elementos comúns das edificacións tales como: adecuación do acceso para as persoas con discapacidade, adecuación ás condicións de protección fronte a incendios, adecuación ás condicións de ornato e salubridade, estanquidade fronte á choiva, seguranza estrutural, adecuación de evacuación de auga de choiva e saneamento, illamento térmico da envolvente da edificación co fin de reducir a emisión de CO₂ á atmosfera e adecuación dos sistemas de aforro enerxético.

Poderán ser financiadas aquelas intervencións que supoñan o baleirado parcial ou total das edificacións obxecto de rehabilitación, entendéndose por baleirado aquela intervención destinada á eliminación dos entramados horizontais do edificio. En ningún caso considerárase baleirado a eliminación dos muros pétreos de carga que configuran a estrutura vertical do edificio, ven sexan fachadas principais, traseiras, patios, medianeiras ou calquera elemento estrutural similar. En canto a isto último teranse en conta as determinacións aprobadas na normativa específica do PEPRI de Lugo, nos artigos 160.5 e 161.5.

As actuacións de rehabilitación axustaranse estritamente ó Plan Especial de Protección e Rehabilitación vixente, e cumprindo ademais e en todo caso as seguintes condicionantes arquitectónicas ou construtivas de tipo xeral:

A. Cubertas:

- Nos edificios con carácter xeral deberá colocarse a solución tradicional de lousa a granel ou de rumbeiro, agás en edificios racionalistas onde se poderán compatibilizar diferentes solucións. Non se permitirán as solucións nas que quede o elemento de suxeición das lousas á vista dende o exterior (por exemplo, non se admite os ganchos de aceiro inoxidable á vista).

- Para os edificios con calquera tipo de catalogación, os canles, baixantes, cazoletas, babeiros, limas e, en xeral, calquera elemento metálico necesario nestas cubertas para a evacuación da auga serán realizados en zinc, zincitanio ou cobre, sen verniz, de modo que adquiran pátina co tempo. Nestes casos non se admitirán outras solucións que utilicen materiais tales como aluminio, pvc, aceiro inoxidable, etc....

- Nas baixantes se o material non é resistente a impacto, protexerase con cubrebaixantes metálicos ata unha altura mínima de 2 m.

- Manteranse en todo momento as lousas ou chantos orixinais que conforman o beirados da cuberta da edificación, evitando solucións construtivas que oculten á vista a parte inferior deses elementos no seu enlace coas fachadas da edificación, tanto se son fachadas á vía pública como fachadas interiores. No caso de substitución por deterioro ou rotura dalgún elemento terá que ser debidamente xustifico e disporanse de novas pezas de lousa de dimensións, tonalidade e configuración similar ás orixinais. No caso de substitución dos elementos de suxeición das canles de recollida de augas da cuberta, deberán instalarse novas pezas de ferro ou aceiro seguindo ó método tradicional e replicando na medida do posible o deseño e aspecto orixinal. É obrigatorio que de xeito previo a substitución dos devanditos elementos de cuberta que un técnico de EVISLUSA de o visto bo dos traballos a executar.

-As chemineas das edificacións que actualmente estean construídas en fábrica de mampostería de xisto de lousa, cachotería ou sillería granítica, manteranse no seu estado orixinal aínda que o citado elemento non se atope catalogado. No caso de deterioro da peza ou de posible derrubo da mesma provocado por un mal estado de conservación, procederase a súa rehabilitación, coa súa estabilización estrutural ou coa reposición das devanditas chemineas seguindo a súa tipoloxía orixinal e utilizando preferentemente encintados ou enfusados de morteiro de cal e área. Igualmente é obrigatorio que un técnico de EVISLUSA constate o estado actual das mesmas previo o inicio das obras e durante a execución dos traballos, podendo ser consultadas fontes documentais diversas que acrediten a preexistencia da citada cheminea, instando, no seu caso, á súa restitución.

- Nas edificacións catalogadas non se pode realizar o remate da cumieira con limas ou con chapas metálicas vistas, debéndose optar pola solución tradicional con lousa do país, da mesma tonalidade que a utilizada nos faldóns de cuberta, colocando as pezas que conforman a cumieira a modo de engalletado. Igualmente, non se poden realizar os remates das limatesas con limas ou chapas metálicas vistas, debéndose optar pola solución tradicional con lousa do país, da mesma tonalidade que a utilizada nos faldóns de cuberta, avanzando unha cuberta sobre a outra coa lóxica da protección dos ventos principais.

B. Carpintería exterior:

- Non se permiten persianas ao exterior agás naqueles casos onde a definición arquitectónica orixinal do edificio así o incluíra.

- No caso de existencia de carpintería de madeira no estado orixinal ou actual do edificio esta será recuperada. Se xustifica a inviabilidade de poder recuperala, poderá ser substituída por unha solución análoga de carpintería en madeira e a súa escuadría será similar en forma e tamaño á orixinal, nas cales se pode optar por colocar peñazos ou parteluces sempre funcionais e nunca falsos.

- En caso de ocios coa mocheta ó exterior será obrigatorio instalar a carpintería de madeira pintada enrasada ó exterior recuperando a solución tradicional, podéndose adoptar a solución de dobre ventá ao interior para asegurar o illamento térmico nos materiais que permite o PEPRI para o exterior. En caso de solucións de dobre

carpintería no que se preserve a folla interior no material orixinal, sendo de diferente material a folla que da exterior, deberase recuperar para o exterior a solución orixinal.

- A vidrería será transparente ou traslúcida non admitíndose solucións espello ou opacas.

- No deseño das portas ou portalóns para o acceso ós edificios, se recuperarán ou renovarán (se non están catalogadas) as solucións existentes en madeira por mesmo material permitíndose, en caso de existir, a recuperación ou renovación das forxas e vidros ensartados nesas carpinterías, non admitíndose solucións en aluminio, aceiro inoxidable ou PVC.

C. Escaleiras, portal, buque e portalóns interiores:

- Reporanse os materiais que compoñen a unidade de deseño interior dos percorridos de circulación do edificio, acudindo a solucións de recuperación dos mesmos. Así, no caso das escaleiras de madeira, só se subvencionarán operacións de renovación no mesmo material que o existente (madeira por madeira e forxa por forxa). En caso de revestimentos cerámicos ou marmóreos nos portais, se realizarán operacións de recuperación dos mesmos ou reposición en materiais análogos no que se xustifique a permanencia da unidade de deseño do citado percorrido de circulación.

D. Rexerías:

- Nas actuacións de restauración ou de reposición de elementos catalogados, reporanse segundo réplica ou con recuperación ou renovación das forxas existentes, non admitíndose solucións metálicas en aluminio en calquera acabado e de aceiro inoxidable no seu cor natural. A composición e despece, a aportar polo promotor, seguirá as liñas orixinais de composición do edificio.

E. Tratamentos de fachada:

- Non se deixará mampostería nin elementos de gra á vista nin calquera elemento de fachada que na súa orixe fora concibido para ser revestido.

- Os recercados graníticos orixinais dos ocos deixaranse vistos, seguindo aliñacións rectas (non seguindo o contorno das pezas que os forman). Os recercados non poderán ser realizados con chapados, aplacados de pedra, 8 pulidos ou imitación. Para os casos de restitución de recercados graníticos perdidos ou rotos se poderá utilizar a solución de sillar labrado oco en formación de esquina, con similar tonalidade e grao que o das pedras que si se conserven, con un espesor mínimo de 6 cm e acabado abuxardado.

- Non se permiten os morteiros monocapa.

- Nos revestimentos das fachadas nos edificios catalogados utilizaráse preferentemente o enfusado con morteiro de cal e area.

- Para a elección da cor das fachadas se actuará en consonancia co indicado no Plan Especial de Protección e Rehabilitación vixente, coas seguintes especificacións referidas á carta NCS (Natural Color System):

Para as fachadas:

Gamas de grises-azulados en tons claros, NCS S 0507-R80B, NCS S 0907-R90B, NCS S 0505-R90B, NCS S 0505-R80B, NCS S 0510-R80B, NCS S 1015-R80B, NCS S 1510-R80B, e NCS S 1515-R80B.

Gamas de grises-rosados en tons claros, NCS S 0502-R, NCS S 0502-R50B, NCS S 1002-R, NCS S 0505-R20B, NCS S 1005-R20B, NCS S 0804-R10B, NCS S 1510-Y80R e NCS S 1510-Y90R.

Gamas de grises-verdosos en tons claros: NCS S 1002-B, NCS S 1002-B50G, NCS S 1002-G, NCS S 1002-G50Y, NCS 1005-G, NCS S 2010-G40Y, NCS S 1502-G e NCS S 1502-G50Y.

Gamas en tonalidades terras naturais: NCS S 1000-N, NCS S 1002-Y50R, NCS S 1502-Y50R, NCS S 2002-Y, NCS S 1002-Y, NCS S 1502-Y, NCS S 2502-Y, NCS S 1005-Y20R, NCS S 2005-Y20R, NCS S 2005-Y50R e NCS S 097-Y10R.

Gama ocre amarelo ou siena: NCS S 1510-Y10R e NCS S 3020-Y10R.

Gamas rosáceas: dende a NCS S 0603-R20B á NCS S 0804-R70B E branco en tons oso: NCS S 0300-N, NCS S 0500-N e NCS S 0502-Y50R.

Para as medianeiras e chemineas:

Gamas de cor aproximados as dos enfusados tradicionais: dende a NCS S 0603-G80Y á NCS S 0603-Y40R. Para as carpinterías exteriores: Gamas de cor verde: NCS S 4050-G, NCS S 4550-G, NCS S 6030-G e NCS S 7020-G.

Gamas de cor branco: NCS S 0300-N e NCS S 0500-N.

Gamas de cor marrón: NCS S 5040-Y40R, NCS S 6030-Y40R, NCS S 7020-Y40R e NCS S 8010-Y70R.

Será elixible unha cor por actuación para cada un destes apartados, debéndose manter un tratamento uniforme das fachadas, medianeiras e carpinterías do conxunto edificatorio.

Se estará igualmente ao disposto na “Guía de Cor e Materiais de Galicia” na que se recollen as cartas de cores para a tipoloxía de edificación considerada en relación coa área na que se inscriba o Casco Histórico de Lugo. (GAP Chairas e fosas luguesas).

- O respecto das instalacións preexistentes que discorren polas fachadas da edificación á vía pública, previamente á súa rehabilitación, se estará ao disposto nos informes de Enxeñería Municipal (informes adxuntos á licenza das obras) en canto á eliminación e soterramento na vía pública das redes de instalacións que discorren polas fachadas, de xeito que coa execución das obras de rehabilitación desapareza todo tipo de instalación vista do seu paso pola superficie de fachada, tendo en conta, ademais as indicacións, prescricións ou detalles construtivos que indiquen as compañías subministradoras.

II. Rehabilitación de vivendas.

Serán subvencionables as seguintes actuacións: accesibilidade de persoas con discapacidade, existencia e correcto funcionamento de servizos sanitarios e cociñas, existencia e correcto funcionamento das instalacións eléctricas, saneamento, fontanaría e calefacción, existencia e correcto funcionamento de extracción de fumes e ventilación, illamento térmico, illamento acústico, adecuación ou distribución de espazos interiores, mellora da iluminación e ventilación das pezas interiores que conforman a vivenda, e a adopción de sistemas de aforro enerxético. Igualmente serán subvencionables as intervencións de mantemento da vivenda derivadas de patoloxías orixinadas tanto dos elementos comúns do edificio como dos elementos privativos.

Non terán consideración de rehabilitación as actuacións de amoblamento ou de acabamentos interiores como poidan ser; a substitución de portas de paso (agás as actuacións que impliquen mellora da accesibilidade), pintado interior de paramentos, acoitelado e vernizado de pavimentos (agás actuacións que impliquen mellora da accesibilidade e/ou habitabilidade da vivenda) etc.. e en xeral calquera obra meramente estética que non estea ligadas a outras obras incluídas no parágrafo anterior.

Condicións comúns:

Tanto no caso de Rehabilitación de edificios como no de vivendas, poderá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas, co fin de asesoramento. Os técnicos da Oficina de Rehabilitación (EVISLUSA) realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

Para poder optar a calquera actuación subvencionada é obrigatorio que de xeito previo ó inicio da obra se realice a visita previa dun técnico de EVISLUSA que constatará o estado orixinal da vivenda ou edificio.

Poderanse acoller as axudas as actuacións legalmente iniciadas, para aquelas partidas de obra completas que non estiveran comezadas no momento da visita previa dun técnico de EVISLUSA, e de acordo coas actuacións subvencionables e o informe favorable do mencionado técnico.

Será motivo de denegación da actuación o feito de que as obras de rehabilitación solicitadas estiveran realizadas de xeito completo con anterioridade á solicitude da actuación na área de rehabilitación do centro histórico os efectos de subvención.

O custo subvencionable incluirá, aos efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluíndo os gastos sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

Artigo 5.- Ámbito das actuacións. Criterios de concesión das subvencións.

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, á área de rehabilitación do Recinto Histórico de Lugo, declarada o 13 de marzo de 1998, coincidente no seu contorno co ámbito do PEPRI.

Para a concesión das axudas económicas obxecto das presentes bases, terán preferencia en primeiro lugar os edificios catalogados sobre os non-catalogados, segundo a seguinte orde:

1. Edificios catalogados: Primeiramente terán prioridade os situados na zona do “Burgo Medieval”, seguidos dos situados na zona do “Ensanche Decimonónico”, e no último lugar os situados na zona do “Ensanche Recente”
Edificios non catalogados: Utilizarase o mesmo criterio que no apartado anterior.

En canto os edificios de fora de ordenación irán no último lugar de preferencia.

2. Unha vez seleccionados os expedientes segundo a orde de catalogación, procedérase a facer unha segunda selección segundo o tipo de actuación a realizar ó tratarse dun ámbito que conta cun plan especial de conservación, protección e rehabilitación, dándolle prioridade as obras segundo a orde seguinte:

- Con carácter xeral as obras que afecten a actuacións nos elementos comúns do edificio terán prioridade sobre aquelas obras que afecten a intervencións no interior da vivenda. Polo que en todo momento será obrigatorio o acordo da comunidade de propietarios para a realización das obras.

Dentro das intervencións que afectan os **elementos comúns do edificio** darase prioridade as seguintes obras, as cales se pasan a describir a continuación:

1. Serán sempre prioritarias aquelas obras que afecten á envolvente da edificación, co fin de emendar as posibles patoloxías na edificación producidas pola filtración de auga, así como a existencia de humidades producidas por diferentes causas.
2. Mellora do illamento térmico da edificación, xa sexa, ben en fachadas, cubertas, terrazas, etc.. encamiñados a reducir o consumo de enerxía e a emisión de CO₂ á atmosfera.
3. Obras destinadas á mellora da seguridade e solidez estrutural da edificación.
4. Aquelas obras que afecten á mellora de accesibilidade na edificación, mediante a supresión de barreiras arquitectónica no interior do mesmo, a instalación de ascensores, elevadores, rampas, etc..
5. Aquelas obras de mellora das instalacións xerais da edificación para adecualas á normativa vixente, tendo preferencia aquelas que produzan unha mellora no aforro enerxético mediante a implantación de enerxías renovables, así como todas aquelas outras destinadas a reducir a demanda enerxética e reducir as emisións de gases contaminantes.
6. Obras de mantemento e conservación que afecta á envolvente estética do edificio.

Para aquelas **intervencións que afecten ó interior das vivendas** darase prioridade as seguintes intervencións:

1. Mellora nas condicións de habitabilidade das vivendas. Serán aquelas obras que afecten á distribución interior do inmovible, substitución das carpinterías exteriores, así como a mellora das condicións de ventilación e iluminación das estancias interiores que conforman a vivenda.
 2. Aquelas obras onde se vaia producir unha mellora nas condicións de accesibilidade no interior da vivenda.
 3. Obras que afectan as instalacións interiores para adecualas á normativa vixente, tendo preferencia aquelas onde se produza unha redución no consumo de auga o enerxía, ben mediante a aplicación de novas tecnoloxías o uso de enerxías renovables.
 4. Aquelas intervencións de mantemento da vivenda, derivadas de patoloxías que son orixinadas tanto nos elementos construtivos que forman parte dos elementos comúns do edificio, como aquelas producidas polos outros elementos privativos.
3. En caso de atoparnos con solicitudes que teñan características iguais segundo o sinalado nos parágrafos anteriores, utilizarase a prioridade establecida en correspondencia coa recepción da solicitude nos rexistros oficiais das diferentes administracións.

Artigo 6.- Orzamento protexido

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do citado RD 106/2018, que non poderá superar os prezos medios de mercado que para tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia ou a normativa que a substitúa.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que, sendo privativas, contén cun orzamento protexible mínimo por vivenda rehabilitada de 2.500,00 €, non establecéndose orzamento mínimo cando se trate de actuacións en elementos comúns do edificio.

Artigo 7.- Contía das axudas económicas.

Axuda estatal:–

A contía máxima das axudas non excederá do 40% do custo subvencionable da actuación (sen IVE). Excepcionalmente esta porcentaxe máxima se ampliará ó 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co disposto no RD 106/2018.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidas a continuación:

- a) Para obras de rehabilitación que acaden os obxectivos de redución da demanda enerxética establecidos no artigo 36 do RD 106/2018 que obteñan unha redución da demanda de polo menos o 35%:

- Doce mil euros por vivenda (12.000,00 €/vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios de vivendas con locais, incrementarase esta contía en cento vinte euros por cada metro cadrado (120,00 €/m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

- Así mesmo, incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado (1.000,00 € / vivenda e 10,00 € / m²) de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas catalogadas polo Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado de Lugo, (PEPRI). Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que participen nos custos de execución da actuación.

b) Para as demais obras subvencionables en edificios ou vivendas:

- Ata 8.000 euros por cada vivenda (8.000,00 € / vivenda) que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva (edificios de vivendas con locais), esta contía incrementarase con 120 euros por cada metro cadrado (120,00 € / m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

- Así mesmo, incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado (1.000,00 € / vivenda e 10,00 € / m²) de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas catalogadas polo Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado de Lugo, (PEPRI). Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que participen nos custos de execución da actuación.

Axuda autonómica: ↪

Ademais poderase obter a seguinte contía adicional no caso de que se cumpran os requisitos do apartado b) do artigo 9 desta convocatoria para as axudas autonómicas:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 €/vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

Artigo 8.- Compatibilidade das axudas.

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou persoal, a condición de que a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta pero, de conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os beneficiarios deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas.

Artigo 9.- Requisitos xerais.

Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1.- As obras proxectadas deberán dispor de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas, e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez rematadas as actuacións.

2.- As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución e os prazos contidos nas licenzas/comunicacións de obras obtidas para as mesmas.

3.- As obras que se dirixan cara á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva có estado de conservación do edificio e das instalacións. Así mesmo, será obrigatorio aportar o acordo da comunidade para a totalidade das actuacións que se desexen realizar.

4.- Cando un edificio de vivendas dispoña dunha Orde de Execución notificada polo Excmo. Concello de Lugo, onde determine as obras a executar, a comunidade de propietarios deberá obter a preceptiva licenza de obra acompañada de proxecto técnico, no caso de ser necesario.

5.- Non poderán subvencionarse actuacións sobre os elementos privativos e comúns das vivendas, as obras das cales non consigan obter as debidas condicións de adecuación de habitabilidade destas, salvo caso debidamente xustificado, para os cales deberá tramitar a correspondente excepcionalidade.

Artigo 10.- Solicitudes. Lugar e prazo de presentación

1) As solicitudes das persoas interesadas, xunto coa documentación requirida, presentárase en instancia normalizada no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, conforme o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común, estarán obrigados a relacionarse coas Administracións Públicas, a través de medios electrónicos, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os suxeitos nel sinalados.

No caso de serlle requirida documentación para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude, a mesma presentárase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

Neste procedemento consideráranse, as intervencións que afecten exclusivamente a elementos comúns do edificio, como unha única solicitude.

2) O prazo de presentación de solicitudes será de DOUS MESES contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de datos nacional de subvenciones. Así mesmo, publicarase o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal).

Artigo 11.- Documentación a presentar.

As persoas e as entidades interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, as administracións públicas actuantes poderán requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo. Se a devandita documentación xa estivera en poder do Concello, haberá de facelo constar, con indicación da data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan.

1.1- Con carácter xeral as solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica:

Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación:

a) Se o promotor é unha persoa física:

1) DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietario/a que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome de cal actúe.

2) Fotocopia do documento que acredite a titularidade por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Así mesmo e segundo o disposto no artigo 3 do Texto Refundido da Lei do Catastro-Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, poderá acreditar a titularidade con certificación catastral do inmovible.

b) Se o promotor é unha persoa xurídica:

1) Copia do CIF da persoa xurídica.

2) Orixinal ou copia da escritura de constitución da entidade e da súa inscrición no Rexistro Mercantil.

3) Acreditación por calquera medio válido en dereito da representación da entidade que ostenta o solicitante, así como o DNI do representante.

4) Fotocopia do documento que acredite a titularidade por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Así mesmo e segundo o disposto no artigo 3 do Texto Refundido da Lei do Catastro-Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, poderá acreditar a titularidade con certificación catastral do inmovible.

5) Acreditación ou declaración responsable de que se atopa debidamente constituída, segundo a normativa que lle resulte aplicable.

c) Se o promotor/éa unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias:

1) Copia acreditativa da constitución da comunidade, da agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos e do seu respectivo CIF.

2) Acreditación por calquera medio válido en dereito da representación coa que se actúe e copia do DNI do representante (Presidente/ s da comunidade ou órganos legais representativos).

3) Copia do acordo da comunidade de propietarios, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos, no que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención así como certificado da persoa titular da secretaría referente aos devanditos aspectos.

4) Certificado de execución de obras, porcentaxes de participación e nomeamento de representante (ANEXO III)

5) Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos coa copia do NIF/CIF de cada propietario, referencia catastral de cada vivenda e local e copia dos títulos de dominio que acrediten a propiedade dos posibles beneficiarios titulares das vivendas e locais así como certificacións literais de dominio e cargas expedidas polo Rexistro da Propiedade sobre todas as vivendas e locais do edificio. (ANEXO III-bis)

1.2- Autorización do solicitante para que tanto o Concello de Lugo como a Xunta de Galicia poidan solicitar toda a información necesaria, para acreditar o cumprimento dos requisitos. (ANEXO II)

1.3- Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención (ANEXO II).

1.4- Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de persoa beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. (ANEXO II).

1.5- No caso de solicitar acollerse ao incremento da porcentaxe até o 75% (do Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana) e do 10% (da Xunta de Galicia) por ter ingresos a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio inferiores a tres veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiples (IPREM), presentarse copia do documento da última declaración da renda.

Para o cálculo partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro.

1.6- No caso de obras de mellora de accesibilidade, poderán acollerse ao incremento do 75% (do Ministerio de Fomento) e do 10% (da Xunta de Galicia) sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, a convivencia de persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Achegaranse para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.

- Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, Certificado de nacemento...).

1.7- Certificacións de cada persoa propietaria acreditativas do cumprimento de obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

1.8- No caso de existir mais dun propietario/a, autorización deles a un dos propietarios para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

1.9- Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

1.10- Documentación das obras e do edificio:

a) PROXECTO TÉCNICO REDACTADO POR TÉCNICO COMPETENTE, descriptivo das obras que se van a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

O proxecto técnico deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van a realizar (obtido con anterioridade a que se realicen) así como a referencia catastral da vivenda ou do edificio.

O técnico deberá recoller nun documento as partidas dedicadas a eficiencia enerxética, accesibilidade e sustentabilidade, de tal maneira que se indique a distribución do importe subvencionable entre estes tres tipos de actuacións expresando o importe que corresponde a cada unha delas. Nos apartados de eficiencia enerxética e accesibilidade, tomaranse en conta todas as partidas necesarias para a súa correcta posta en funcionamento (como desmontes, acabados e outros).

O promotor poderá aportar o orzamento de execución asinado polo contratista principal das obras detallando as partidas segundo a estrutura do proxecto técnico.

b) No caso de non ser necesaria a realización de proxecto técnico deberá presentarse unha memoria adaptada á seguinte estrutura:

a) Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo

b) Orzamento de execución detallado por unidades de obra con medición e prezo (asinado polo contratista, promotor ou polo/a técnico competente, de ser o caso). c) Prazo máximo de execución das obras.

d) Fotografías a cor da fachada do edificio e das zonas que se van rehabilitar.

c) No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario presentar o certificado do estado previo calculado mediante programas informáticos recoñecidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (que se poden conseguir no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios) e xustificar a mellora obtida que deberá ser polo menos unha redución da demanda enerxética anual global do 35%.

d) LICENZA ou COMUNICACIÓN PREVIA.- Para a tramitación da cualificación provisional será necesario presentar copia da licenza ou da comunicación previa, onde veña reflexado a totalidade das obras que se van a subvencionar, independentemente de que existan outras obras non subvencionables.

e) Copia do título de DIVISIÓN HORIZONTAL ou, na súa falta, documentación acreditativa da división do edificio en distintas vivendas e locais.

f) Si a solicitude faise para unha edificación con tipoloxía residencial de vivenda colectiva que teña unha antigüidade de mais de 50 anos deberá presentar o IAE (informe avalación de edificios), regulado no Decreto 61/2021 de 8 de abril, aprobado en desenvolvemento da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Artigo 12.- Procedemento de tramitación da subvención

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases axustaranse ó establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

De conformidade co establecido na base 24ª de execución do Presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é o Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible.

O órgano instrutor será o Concelleiro delegado da área de Urbanismo.

Porén será o personal da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), en cumprimento da Encomenda de Xestión efectuada a ditos efectos, o que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28.2 da ordenanza e aquelas que se lle asignen nas presentes bases.

A comisión de valoración, constituída para o efecto terá a seguinte composición: Presidente.- Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible, un/unha técnico da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) e un/unha técnico municipal do Concello de Lugo. Correspóndelle a esta comisión avaliadora a realización das seguintes funcións:

- Coñecer e aprobar o informe elaborado por EVISLUSA sobre o número de solicitudes presentadas, as admitidas/denegadas, o orzamento protexido e o importe da subvención proposta.

- Requiritir, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios.

A) APROBACIÓN INICIAL DAS AXUDAS. CUALIFICACIÓN PROVISIONAL

1) A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que as solicitudes presentadas reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases.

De non ser así, requiritráselle ó interesado que, nun prazo de dez días, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse polo órgano competente, nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

A documentación requirida para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude presentarase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

2) Logo de examinar as solicitudes presentadas en prazo xunto coa documentación aportada, EVISLUSA emitirá un informe do cumprimento das esixencias impostas para adquirir a condición de beneficiario/s da subvención, o cal se remitirá ó órgano competente para a resolución.

Visto o contido de dito informe, EVISLUSA, realizará ademais un informe proposta de cualificación provisional, daquelas solicitudes, que cumpran co disposto nas presentes Bases, o cal remitirá á Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) de Lugo. Dita proposta haberá de ter o **conforme dun/dunha técnico municipal**.

Dita proposta de cualificación provisional, conterà a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e irá acompañada dunha certificación municipal do Secretario/Vicesecretaría de cumprimento dos requisitos do Plan

estatal de vivenda 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas ou entidades beneficiarias.

No caso de que, houberse máis solicitudes que número de actuacións previstas, e sempre que cumpran con todas as condicións incluídas nestas bases, procederáse a realizar unha relación das ditas solicitudes, seguindo os criterios de avaliación do punto 5 das presentes bases.

Os solicitantes que queden fóra da convocatoria, entrarán a formar parte dunha listaxe de espera, para poderen ser incluídos, no caso de renuncia ou anulación dos provisionalmente aceptados.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional.

Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Unha vez notificada a resolución, a aceptación da subvención por parte das persoas solicitantes, entenderase efectuada se, no prazo de quince días contados dende o seguinte hábil ao da notificación da subvención, aqueles non renunciaran expresamente a ela mediante escrito presentado por medios electrónicos ou presencialmente no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo corresponda.

Recibida a cualificación provisional favorable por parte do IGVS, remitirase por EVISLUSA un informe proposta ao órgano competente, para a aprobación provisional das solicitudes informadas favorablemente, xunto co informe emitido en relación co resto de solicitudes presentadas, co fin de que convoque a Comisión de Valoración, ós efectos de que, emita o dictame correspondente.

Unha vez emitido o correspondente dictame por parte da Comisión de avaliación, e previo informe proposta dos técnicos municipais, se disporá polo órgano competente, a resolución de aprobación provisional, se procede.

No **informe proposta de aprobación provisional**, resolveranse, ademais das solicitudes informadas favorablemente, o resto das solicitudes presentadas (renuncias, desestimento, denegacións) e fixarase unha lista de reserva, no que se inclúan aquelas solicitudes que cumpran os requisitos e que queden fora da convocatoria, ós efectos previstos nas presentes bases.

O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo co fin de que, se proceda á súa fiscalización, con carácter previo á adopción da resolución polo órgano competente.

Dita resolución de aprobación provisional ditada polo órgano competente notificarase os interesados conforme ó previsto na Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento das Administracións públicas.

B) EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación **antes do 30 de novembro do 2026**.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) e, en todo caso, nos supostos nos que resulte preciso, deberán estar autorizadas pola correspondente e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

O persoal técnico de EVISLUSA poderán en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Para actuacións en elementos comúns de edificios ou cando se trate dunha rehabilitación integral durante o período de execución das obras, o promotor colocará o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto por EVISLUSA, elaborado de acordo cos convenios asinados, e colocado ata cobro total de axudas solicitadas.

C) REMATE DE OBRAS E CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

1) As persoas e entidades promotoras das actuacións, dentro do mes seguinte ao prazo fixado na resolución de cualificación provisional, deberán comunicar o remate das actuacións mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO IV e V) acompañado da documentación final de obra.

Á vista do presentado, EVISLUSA realizará as seguintes comprobacións:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

3. Que os pagos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pago das devanditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

Ademais, as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, dirección e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, dirección, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

O pago das facturas presentadas deberá acreditarse mediante documentos bancarios. Non se admitirán pagos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o “recibín” do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas e o acordo efectivo da subvención.

Ademais coa comunicación final de obras deberá aportarse a seguinte documentación:

- a) Certificado final de obra asinado polo/a técnico competente, no caso de existencia de proxecto técnico.
 - b) Certificado de eficiencia enerxética da obra rematada, xustificando a mellora proposta no CEE inicial, de a lo menos unha redución da demanda enerxética global anual do 35% asinado por técnico competente.
 - c) Certificado de instalacións térmicas, eléctricas ou da posta en marcha de ascensor tramitado ante a consellería de economía, emprego e industria.
- 2) O persoal técnico da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), á vista da documentación presentada, emitirán un informe proposta de cualificación definitiva que trasladarán ao IGVS, que deberá ir conformado por técnico municipal, e conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará.

Se procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

No suposto de informe desfavorable, procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor do interesado por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, segundo artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda.

Transcorrido dito prazo, remitirase informe e procederase á resolución que corresponda, tralo informe proposta do/a técnico/a municipal.

Serán causas de denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.
- c) Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 3 de xuño de 2021 e nesta convocatoria para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

Artigo 13.- Pagamento das subvencións.

Recibida a cualificación definitiva por parte do IGVS, remitirase por parte de EVISLUSA informe proposta de pago conformada por **un/unha técnico municipal**, co fin de que polo organo competente, unha vez comprobada a documentación, acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, e previo informe proposta favorable dos técnicos municipais, se dispoña a aprobación definitiva da mesmas.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán chegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do da persoa beneficiaria, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva administración de estar ao corrente dos pagamentos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello de Lugo.
- c) Declaración responsable de que a persoa beneficiaria non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo e a Tesourería para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente.

Dita resolución de aprobación definitiva xunto co recoñecemento da obriga e pagamento ditada polo órgano competente notificaráse os interesados conforme ó previsto na Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento das Administracións públicas.

Seguidamente, procederase ó pagamento da axuda concedida, unha vez comprobado que consta a presentación por parte da persoa beneficiaria dunha declaración complementaria da relación de subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas, así como por algunha das súas entidades, nacionais ou estranxeiras para o mesmo fin ou, se é o caso, a declaración de que non obtivo outras subvencións para a mesma finalidade, todo isto en cumprimento da base 18ª de execución do Presuposto Xeral do Concello de Lugo.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 8 desta convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Unha vez resolto definitivamente o procedemento, publicarase na páxina web municipal, na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Excmo Concello de Lugo, a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O concello unha vez aboadas as subvencións estatais e autonómicas ás persoas e ás entidades beneficiarias e xustificará estes pagos mediante unha certificación municipal onde conste o número de expediente, o nome da persoa promotora da actuación, o seu NIF, o importe da subvención e a data de pago.

A xustificación dirixirase á área provincial do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagos.

Artigo 14.- Denegación, revogación e reintegro das subvencións.

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. Conforme co ordinal Vixésimo sétimo da Resolución do IGVS do 3 de xuño de 2021, serán causas de perda e posterior reintegro da subvención:

a) O incumprimento das obrigacións recollidas no ordinal Vixésimo sexto da Resolución do 3 de Xuño de 2021 do IGVS.

b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.

c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co interese legal correspondente desde o seu pago, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 7 da convocatoria, as seguintes:

a) Incurrir en falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención.

b) Cometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polo persoal técnico de EVISLUSA.

e) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos de EVISLUSA.

f) Calquera outra infracción que dispoña a normativa vixente.

4. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobranza da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 15.- Crédito orzamentario

As contías máximas das achegas, segundo figura no convenio, son as seguintes:

ARRU	Nº actuacións	ACHEGA FOMENTO	ACHEGA XUNTA
CASCO HISTÓRICO	30	346.253,00 €	83.808,00 €

Artigo 16.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 17.- Normativa de Aplicación

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- Resolución do IGVS do 3 de xuño de 2021 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das súas axudas e se abre o prazo de presentación para a anualidade 2021 (publicada no DOG 113, do mércores 16 de xuño de 2021)

Ademais será de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 61/2021 de 8 de abril polo que se regula o informe de avalación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avalación dos Edificios
- Acordo da comisión bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Histórico de Lugo 16ª fase. Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de vivenda 2018-2021. Anualidade 2021.
- Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación.

Disposición Derrogatoria.- Quedan derogadas expresamente as bases aprobadas en anteriores exercizos.

Disposición Transitoria.- Os expedientes iniciados en anteriores convocatorias, ó abeiro das correspondentes bases aprobadas polo Concello de Lugo, seguirán rexéndose por elas ata a súa finalización.

Disposición derradeira.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial Da Provincia por conduto da Base de datos nacional de subvencións, consonte ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tras a tramitación regulamentariamente establecida”.

SEGUNDO.- CONVOCAR O PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS para a 16ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2021, no réxime de concorrência competitiva previsto na lexislación aplicable e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- APROBAR O GASTO de 430,061,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 15220.78900, RECREM 15164/2022, e con código de proxecto 21XX00041-16ª FASE CASCO HISTORICO LUGO ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN, do vixente orzamento municipal en orde a facer fronte aos compromisos económicos que o Concello adquire coa presente convocatoria de subvencións para levar a cabo rehabilitacións dentro da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2021 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, relativa á Area de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Histórico de Lugo, 16ª fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de vivenda, 2018-2021 Fase XVI de Rehabilitación do Recinto Histórico de Lugo.

CUARTO.- PUBLICAR o correspondente ANUNCIO de EXPOSICIÓN PÚBLICA das BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS para a 16ª fase de axudas para a rehabilitación da Area de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Lugo-Ano 2021 que se aproban, **no Boletín Oficial da Provincia**, así como o **EXTRACTO da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** nos termos previstos no artigo 17.3b), 18 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones. Asimesmo publicarase tanto a convocatoria como as bases citadas no taboleiro de edictos da Excmo Concello de Lugo, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal), debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Contra este acordo, que agota a vía administrativa pódese interpor con carácter postestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou, dacordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. O Prazo para interpor o recurso é dun mes, a contar dende o día seguinte á presente publicación, non podendo, neste caso interpor recurso contencioso administrativo ata que se teña resolto o de reposición.

O recurso de reposición potestativo terase que presentar no Rexistro Xeral deste Concello ou nas dependencias ás que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e se entenderá desestimado cando non se resolva e se notifique a resolución, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte e á súa interposición, quedando neste caso expedita a vía contenciosa-administrativa.

Se non se utiliza o recurso de reposición, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo, conforme ó establecido no artigo mencionado, e ós artigos 45 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da presente publicación.

Todo elo sen prexuízo de calquer outro recurso ou acción que se estime pertinente.”

O que se fai público para xeral coñecemento, xunto cos anexos do mesmo, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 30 de maio de 2022.- A TENENTE DE ALCALDESA DELEGADA DA AREA DE GOBERNANZA ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE LUGO, Mercedes Paula Alvarello Fondo.

 Concello de Lugo	MODELO 281
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PROMOTOR/PROMOTORA		CIF/DNI/NIE	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

DATOS DO EDIFICIO / VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN

ENDEREZO		REF.CATASTRAL	
EDIFICIO CATALOGADO	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	
Nº TOTAL DE VIVENDAS PARTÍCPES	<input type="text"/>	Nº TOTAL DE LOCAIS PARTÍCPES	<input type="text"/>

EXPÓN: Que en calidade de:

<input type="checkbox"/> PROPIETARIO DE VIVENDA
<input type="checkbox"/> PROPIETARIO ÚNICO DE EDIFICIO DE VIVENDAS
<input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS
<input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS

E para realizar no edificio/vivenda as actuacións subvencionables referidas a:

<input type="checkbox"/> Melloras da eficiencia enerxética (35% mínimo). Artigo 36 RD 106/18
<input type="checkbox"/> Conservación, adecuación, seguridade de uso e accesibilidade . Artigo 43 RD.106/18
<input type="checkbox"/> Mantemento e intervencións nas vivendas e edificios; Inst.fixas equip.propio e elem. comúns. Artigo 51.1A) RD.106/18

SOLICITA: Acollerse á “Convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico de Lugo - Fase XVI.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
LUGO, a ____ de _____ de _____

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

- PROXECTO TÉCNICO
- NO CASO DE NON SER NECESARIO PROXECTO TÉCNICO, MEMORIA QUE CONTEÑA CANDO MENOS:
 - A) DESCRICIÓN DO TIPO DE ACTUACIÓN QUE SE VAI LEVAR A CABO
 - B) ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DETALLADO POR UNIDADES DE OBRA (medición e prezo) ASINADO POLO CONTRATISTA, PROMOTOR E POLO/A TÉCNICO COMPETENTE, CANDO CORRESPONDA
 - C) PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS
 - D) FOTOGRAFÍAS A COR DA FACHADA DO EDIFICIO E DAS ZONAS A REHABILITAR.
- LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS OU, DE SER OCASO, SOMETERSE AO RÉXIME DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DE COMUNICACIÓN PREVIA, ASÍ COMO DISPOÑER DE TODAS AS AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS PRECEPTIVAS.
- CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASO DE REALIZAR OBRAS DE MELLORA QUE OBTENAN UNHA REDUCIÓN DO 35%.
- IAE CANDO SE SOLICITE A SUBVENCIÓN EN EDIFICIOS DE VIVENDA COLECTIVA
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DE DIVISIÓN DO EDIFICIO EN DISTINTAS VIVENDAS E LOCAIS

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:

Documentación a aportar por cada propietario representante dunha vivenda ou local participante na subvención

- COPIA DO DNI/NIF (SE É O CASO, DE TODOS OS PROPIETARIOS)
- DOCUMENTO QUE ACREDITE A TITULARIDADE DAS VIVENDAS OU CONTRATO DE ARRENDAMENTO, DE SER O CASO.
- RELACIÓN DAS PERSOAS PROPIETARIAS DUNHA VIVENDA OU LOCAL (ANEXO I)
- DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS. (ANEXO II).
- NO CASO DE EXISTIR MAIS DUN PROPIETARIO, AUTORIZACIÓN DELES A UN DOS PROPIETARIOS PARA A XESTIÓN, TRAMITACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN.
- CERTIFICACIÓNS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS; ATRIGA, SEGURIDAD SOCIAL E AXENCIA ESTATAL.

No caso de persoas xurídicas ademais deben presentar:


- COPIA DO CIF DA PERSOA XURÍDICA
- ORIXINAL OU COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE
- COPIA DO DNI DO REPRESENTANTE
- COPIA DO TÍTULO DE ADQUISICIÓN QUE ACREDITE A PROPIEDAD.

Comunidades de veciños. Agrupacións de comunidades de propietarios e agrupacións de persoas propietarias.

- COPIA DO ACORDO DA REUNIÓN, EXECUCIÓN DAS OBRAS, SOLICITUDE SUBVENCIÓN, PORCENTAXES DE PARTICIPACIÓN E NOMEAMENTO REPRESENTANTE. (ANEXO III).
- RELACIÓN DE VIVENDAS E LOCAIS DO EDIFICIO (ANEXO III-bis)
- COPIA ACREDITATIVA E CERTIFICADO DO SECRETARIO DA CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE
- COPIA CIF
- COPIA DA REPRESENTACIÓN COA QUE SE ACTÚE.
- COPIA DO DNI DO REPRESENTANTE

OUTROS DOCUMENTOS

- DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS E RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE (ANEXO II)

 Concello de Lugo	
ANEXO I .-RELACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS OU RESPONSABLES DUNHA VIVENDA OU LOCAL PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO	

DATOS DO EDIFICIO QUE SE VAI REHABILITAR

ENDEREZO:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	

DATOS DOS PROPIETARIOS/AS DA VIVENDA OU LOCAL DO EDIFICIO A REHABILITAR QUE PARTICIPA NA SUBVENCIÓN

O/a abaixo asinante, propietario/a ou responsable das obras nas vivendas, locais ou elementos comúns do edificio participe nas actuacións de rehabilitación, **DECLARO** non estar incurso/as en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as do artigo 13 da lei 38/2003 do 17 de decembro Ley Xeral de Subvencións para obter a condición de persoa beneficiaria de axudas.

O/a abaixo asinante, propietario/a ou responsable das obras nas vivendas, locais ou elementos comúns do edificio participe nas actuacións de rehabilitación, comprométo-me á execución das obras subvencionadas no modo e prazo establecido na convocatoria e a imputalo na porcentaxe que consta no impreso.

Así mesmo, Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e á Empresa Municipal de Vivienda e Solo de Lugo, S.A a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e recabar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran aportar.

NIF	NOME E APELIDOS	VIVENDA ou LOCAL	DOMICILIO HABITUAL	%CUOTA PARTICIPACIÓN PAGO OBRA
			<input type="checkbox"/>	

 REFERENCIA CATASTRAL VIVENDA OU LOCAL:

	OBRAS DE ACCESIBILIDADE	
INGRESOS INFERIORES 3 VECES IPREM (ud.convivencia)	PERSOAS CON DISCAPACIDADE (na ud. convivencia)	PERSOAS > 65 ANOS (na ud. convivencia)
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Declaro que son certos os datos anteriores e autorizo a EVISLUSA a solicitar do Concello de Lugo o certificado de empadramento.

SINATURA DO PROPIETARIO OU RESPONSABLE DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN Lugo, a ____ de _____ de _____.



ANEXO II .-DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO

DECLARACIÓNS

A PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOS. REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administración públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Ningún dos propietarios da vivenda /local ou responsables das obras está incurso en ningunha clase de prohibición para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da lei 38/2013 do 17 de Novembro, lei xeral desubvencións.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º g) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11 / 2009, do 8 de xaneiro.

5. Que non se revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.

6. Que a persoa solicitante cumpre todos os requisitos legais para ser beneficiario.

7. Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente pagamento e Ninguna outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

AUTORIZACIÓNS

Declaro que a documentación e os datos que achego a este procedemento de subvención están vixentes. Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, de conformidade co artigo 53.1.c) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do pocedemento administrativo común das administracións públicas, e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos e documentos achegados.

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar no Servicio de Verificación e Consulta de Datos do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital os datos de identidade que achego, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar e verificar os datos e informacións declaradas.

Autorízolle á Empresa Municipal de Vivienda e Solo de Lugo, S.A a comprobar e verificar os datos e informacións declaradas e recabar certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Dirección Xeral do Catastro que as bases reguladoras requiran aportar.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL:

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

SINATURA DA PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN.

NOME E APELIDOS

NIF

Lugo, ____ de _____ de _____.



Concello de Lugo

ANEXO III.- CERTIFICADO DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS, AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS

DATOS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS, AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS SOLICITANTE.

RAZÓN SOCIAL

CIF

NOME E APELIDOS DO/A PRESIDENTE/A DA CC PP, AGRUPACIÓN DE CCPP OU REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN PROPIETARIOS

NIF

O SECRETARIO/A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS, AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU O REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS.

NOME

APELIDOS

NIF

CERTIFICA QUE:

na reunión celebrada o día , a xunta de persoas propietarias adoptou pola maioría esixida pola lexislación vixente os seguintes acordos reflectidos na acta achegada:

1º Executar as obras para as que se solicita a subvención.

2º Solicitar a convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación urbana do Casco Histórico de Lugo.

3º A porcentaxe individual que corresponde a cada vivenda / local é a seguinte (1):

Vivenda ou local	%	Vivenda ou local	%

4º Nomear como representante a D. /Dna.

con NIF

(2)

Teléfono

(1) A porcentaxe de participación para a obra pode ser acordada por unanimidade mediante a aportación de documento firmado.

(2) No caso de non designar representante entenderase que exerce a representación o presidente da comunidade ou representante da agrupación de propietarios.

SINATURA DO/A SECRETARIO/A
DE SER O CASO

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A
OU VECIÑO REPRESENTANTE

Lugo, a _____ de _____ de _____.


ANEXO III (bis).- RELACIÓN DAS VIVENDAS E LOCAIS DO EDIFICIO A REHABILITAR
RELACIÓN DE TODAS AS VIVENDAS E LOCAIS DO EDIFICIO

(se é necesario poderase engadir unha relación co mesmo esquema)

VIVENDAS		Referencia catastral	Participa na subvención: SI/NON	% (1)	Superficie útil	Viv. Habitual e permanente: SI/NON
Piso	Letra					

Número total de vivendas que participan na subvención

LOCAIS		Referencia catastral	Participa na subvención: SI/NON	% (1)	Superficie construída
Piso	Letra				

Número total de locais que participan na subvención

(1) Porcentaxe real de cuotas de participación nos elementos comúns (Ten que sumar o 100%)

SINATURA DO REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS, OU UNHA AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS.

LUGO, a _____ de _____ de _____.



ANEXO IV.- COMUNICACIÓN DE FINAL DE OBRAS SUBVENCIONADAS EN ACTUACIONES NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO RECINTO HISTÓRICO DE LUGO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PROMOTOR/PROMOTORA		CIF/DNI/NIE	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

En representación súa

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:	NIF/NIE:
----------------------------------	----------

DATOS DO EDIFICIO / VIVENDA OBXECTO DA ACTUACIÓN

ENDEREZO	REF.CATASTRAL
----------	---------------

EXPÓN: Que en calidade de:

<input type="checkbox"/> PROPIETARIO DE VIVENDA <input type="checkbox"/> PROPIETARIO ÚNICO DE EDIFICIO DE VIVENDAS <input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS

comunico a finalización das obras subvencionadas das actuacións de rehabilitación, ó abeiro do establecido , ó abeiro do establecido no R.D. 106/2018, de 9 de marzo, do Ministerio de Fomento e na Resolución do 3 de xuño de 2021, da Comunidade Autónoma de Galicia.

SOLICITA:

Que lle sexa expedida a correspondente cualificación definitiva e o pago da subvención.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

LUGO, a ____ de _____ de _____

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

 Concello de Lugo	
ANEXO V .-MODELO DE DECLARACIÓN XURADA A EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN	

A PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOS. REGULADORA

2. Que a realización da actuación obxecto da subvención efectuosuse nos termos establecidos na memoria/proxecto presentado.

SINATURA DA PERSOA PROPIETARIA OU RESPONSABLE DAS OBRAS QUE ACTÚE COMO XESTORA DA SUBVENCIÓN.	
NOME E APELIDOS	NIF
<input style="width: 550px; height: 20px;" type="text"/>	<input style="width: 150px; height: 20px;" type="text"/>
Lugo, ____ de _____ de _____.	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ANEXO V

- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE. **(ANEXO V)**
- DECLARACIÓN DE QUE A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN OBXECTO DA SUBVENCIÓN SE REALIZOU SEGUNDO A MEMORIA/PROXECTO PRESENTADO. **(ANEXO V)**.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DA CONTA Ó SEU NOME.
- CERTIFICADOS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS FISCAIS CO CONCELLO DE LUGO, DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL E DE ESTAR Ó CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E DO ESTADO.
- FACTURAS POLO IMPORTE DAS OBRAS, QUE DEBERÁN DE COINCIDIR CO DETALLADO POR UNIDADE DE OBRA (CON MEDICIÓN E PREZO) DO ORZAMENTO DO PRESUPOSTO PROTEXIBLE.
- DOCUMENTOS BANCARIOS ACREDITATIVOS DO PAGAMENTO DAS FACTURAS. NON SE ADMITIRÁN PAGOS EN EFECTIVO, NIN SE ADMITIRÁN COMO XUSTIFICANTES OS OBTIVOS A TRAVÉS DA REDE DE INTERNET, SE NON ESTÁN VALIDADOS POLA ENTIDADE BANCARIA OU NON DISPOÑEN DE CÓDIGOS DE VERIFICACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA DITA ENTIDADE BANCARIA.
- LICENZA DE OBRAS.
- CERTIFICADO FINAL DE OBRA ASINADO POR TÉCNICO COMPETENTE NO CASO EXISTENCIA DE PROXECTO TÉCNICO
- CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DA OBRA REMATADA, XUSTIFICANDO A MELLORA PROPOSTA NO CEE INICIAL, DE A LO MENOS UNHA REDUCIÓN DA DEMANDA ENERXÉTICA GLOBAL ANUAL DO 35% ASINADO POR TÉCNICO COMPETENTE.
- CERTIFICADO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS, ELÉCTRICAS OU DA POSTA EN MARCHA DE ASCENSOR TRAMITADO ANTE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.

Lugo, 30 de maio de 2022.- Asdo.: A Tenenta da Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1435

Anuncio

DECRETO

Ilma Sra. D^a Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído expediente relativo a: Premio de deseño gráfico San Froilán 2022.

Visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de data 31 de maio de 2022, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constalo seguinte:

“ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO “SAN FROILÁN MIÚDO 2022” PARA ELIXIR O CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS SAN FROILÁN MIÚDO 2022.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador do San Froilán Miúdo, convoca anualmente o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO “SAN FROILÁN MIÚDO 2022”, de acordo coas súas bases reguladoras.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do Premio de deseño gráfico “San Froilán Miúdo 2022”, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións, PROPONSE para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área:

PRIMEIRO.- *Aprobar as bases reguladoras do PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO “SAN FROILÁN MIÚDO 2022” que seguidamente se transcriben:*

BASES:

1ª.- Poderán concorrer cantos rapaces e rapazas o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cadaquén cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª.- Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILÁN MIÚDO 2022.

3ª.- O autor ou autora do deseño que resulte gañador recibirá un premio consistente en material de pintura, valorado en 300 €.

4ª.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. A autora ou autor renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservará os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª.- A entrega de orixinais, por correo postal ou persoalmente farase na Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, poderase efectuar desde a convocatoria do concurso ata o xoves 16 de xuño ás 14.30 horas.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos da autora ou autor, tales como nome, apelidos, idade, enderezo, correo electrónico da nai ou do pai e teléfono.

7ª.- Os carteis terán as dimensións dun DIN A-4 (21 x 29,7 cm) como mínimo, e deberán entregarse montados sobre cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.

8ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o

turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

9ª. - O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

10ª. - Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

11ª.- As obras non premiadas devolveránselles aos autores ou autoras que o soliciten nun prazo dun mes a partir do coñecemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.

12ª.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado ou convocada oportunamente.

13ª.- Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

14ª. - Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

15ª.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 300 euros con cargo á partida 33801.48101, RC: 9612/2022 C.P: 223380101 que seguidamente se transcriben:

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

Tendo en conta o informe da Tesoureira Municipal sobre existencia de consignación presupostaria na partida 33801.48101 RC: 9612/22 C.P.: 223380101, do vixente presuposto municipal, así como informe de fiscalización previa do Servizo de Intervención núm. 2022/854 do 27/05/2022 conforme procede a tramitación do expediente.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases polas que se rexerá o concurso de deseño gráfico San Froilán Miúdo 2022, que serán ás seguintes:

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2022, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN MIÚDO 2022", de acordo coas seguintes

BASES:

1ª.- Poderán concorrer cantos rapaces e rapazas o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cadaquén cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª.- Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILÁN MIÚDO 2022.

3ª.- O autor ou autora do deseño que resulte gañador recibirá un premio consistente en material de pintura, valorado en 300 €.

4ª.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. A autora ou autor renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservará os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª.- A entrega de orixinais, por correo postal ou persoalmente farase na Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, poderase efectuar desde a convocatoria do concurso ata o xoves 16 de xuño ás 14.30 horas.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos da autora ou autor, tales como nome, apelidos, idade, enderezo, correo electrónico da nai ou do pai e teléfono.

7ª.- Os carteis terán as dimensións dun DIN A-4 (21 x 29,7 cm) como mínimo, e deberán entregarse montados sobre cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.

8ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoal do Servizo de Cultura en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

9ª.- O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

10ª.- Criterios: O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

11ª.- As obras non premiadas devolveránselles aos autores ou autoras que o soliciten nun prazo dun mes a partir do coñecemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.

12ª.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado ou convocada oportunamente.

13ª.- Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

14ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

15ª.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 300,00 € con cargo á partida orzamentaria 33801.48101 RC: 9612/22 C.P.: 223380101, do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa

resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Así mesmo, deáselles trasladados as dependencia e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

R. 1472

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva expediente crédito extraordinario

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería 453/2022 por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2022 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2022, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	TOTAIS
	Operacións correntes		
1	GASTOS PERSOAL		593.520,27
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS		1.105.205,45
3	GASTOS FINANCEIROS		3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES		139.600,00
5	FONDO CONTIXENCIAS		2.000,00
	Total operacións correntes		1.843.325,72
	Operacións de capital		
6	INVESTIMENTOS REAIS	123.987,39	236.786,58
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS		0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS		0,00
	Total operacións de capital		112.799,19
TOTAL XERAL			2.080.112,30

INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.131.500,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS	6.500,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS	126.300,00

4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	585.405,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
	Total operacións correntes	1.850.208,00
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	229.907,30
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	Total operacións de capital	229.907,30
TOTAL XERAL		2.080,112,30

Muras, 30 de maio de 202.- Sr. Alcalde don Manuel Requeijo Arnejo

R.1437

AS NOGAIS

Anuncio

Formada, rendida e informada a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 pola Comisión Especial de Contas deste Concello, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia. Durante ditoprazo e oito días máis, os interesados poderán examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

As Nogais, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1438

PORTOMARÍN

Anuncio

Mediante a Resolución de Alcaldía de data 27 de maio de 2022, apróbase a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Portomarín, que cumpre as previsións do artigo 2 e da Disposición Adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente as seguintes prazas:

Prazas que compren os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, así como o disposto na Disposición Adicional sexta da Lei 20/2021

PERSOAL FUNCIONARIO ANTES DO 01/01/2016

SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO

PRAZA	Nº	G./SG.	XORNADA	OBSERVACIÓNS
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	1	A2	C	OBRAS E URBANISMO CONTROL SUBVENCIÓNS
TOTAL	1			

PERSOAL LABORAL. OCUPADAS ANTES DO 01/01/2016

SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO

PRAZA	Nº	G.C.	XORNADA	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	4	6	C	
TRABALLADOR MEDIOAMBIENTAL	1	8		
OPERARIO LIMPEZA VIARIA	1	10		
MONITORA DEPORTIVA	1	2	P	
INFORMADOR XUVENIL E CULTURAL	1	7		REXISTRO XERAL E PADRÓN
TÉCNICO DE EMPREGO	1	1		
TOTAL	9			

PERSOAL LABORAL. OCUPADAS CANDO MENOS NOS 3 ANOS ANTERIORES A 31/12/2020

SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

PRAZA	Nº	G.C.	XORNADA	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	2	8	C	
LIMPADORA	2	10	P	
TOTAL	4			

De acordo co artigo 2.2 da Lei 20/2021, a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para la cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022.

A resolución do proceso selectivo deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Co fin de permitir o seguimento da oferta, certificarase ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

Procédese a súa publicación na sede electrónica do concello, no taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de xeral coñecemento e da interposición, por parte dos interesados, dos recursos que se consideren oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que poida considerar máis conveniente ao seu dereito.

Portomarín, 30 de Maio de 2022.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 1439

RIBADEO

Anuncio

PREZO PÚBLICO SEMANA TECNOLÓXICA

Con data 24/05/2022 segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno

Local do Concello de Ribadeo adoptou acordo de fixación de prezo público concreto, en desenvolvemento da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES, de acordo co seguinte.

«**Primeiro.**- Aprobar os seguintes prezos públicos para a CELEBRACIÓN DA SEMANA TECNOLÓXICA de acordo co recollido nos artigos 5 e 6 da ORDENANZA P3 POLO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE LIBROS, PUBLICACIÓNS, MATERIAL PROMOCIONAL E POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES, XORNADAS, SEMINARIOS, CURSOS OU SIMILARES:

PREZO : 30€ nen@

Segundo.- Publicar o presente acordo e o importe dos prezos públicos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, entrando en vigor a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación no BOP.»

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Ribadeo, 26 de maio de 2022.- ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R.1440

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 24 de maio de 2022, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao primeiro semestre de 2022, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 15 de xuño ó 15 de xullo nas oficinas municipais de 10 a 14 horas.

Transcorrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incursos na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1441

SARRIA

Anuncio

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, crédito extraordinario CE 1/2022 Residencia e suplemento de crédito SC1/2022 Residencia da Residencia da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e os expedientes de crédito extraordinario CE 1/2022 e suplementos de crédito SC 1/2022, SC 2/2022 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 26 de maio de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1442

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A REXENERACION E RENOVACION URBANA NO AREA DE REHABILITACION DO CASCO HISTORICO DE LUGO- FASE 16.

BDNS(Identif.):630005

De acordocodisposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/630005>)

Primeiro.- Obxeto e Finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencions destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Histórico de Lugo con cargo ao convenio aprobado por Acordo 11/760 da Xunta de Goberno Local o 1 de decembro de 2021, e subscrito polo Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana, o IGVS e o Concello de Lugo para tal obxecto, no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo oitavo da Resolución do 3 de xuño de 2021 do IGVS.

A concesión de subvencions, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte os criterios de selección dispostos no artigo 5da convocatoria.

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través das presentes bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ouóaluguer.

Os edificio obxecto da rehabilitación terán división horizontal e cada unha das vivendas a súa referencia catastral.

De acordocodisposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/outraballos de mantemento e intervención nasvivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalaciónsfijas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualosaos estándares previstos pola normativa vixente.

Segundo : Personas Beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral das Áreas de rexeneración e renovación urbana das Áreas de rehabilitación integral delimitadas pola actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos nos artigos 7.2 e 50 do Real Decreto 106/2018.

Non poderánobterfinanciamento as persoas beneficiarias incluídos no programa da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade a vivendas, do programa de Fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoasmaiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

Non poderánobter a condición de persoasou entidades beneficiarias aquelasnas que conorraalgunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, na súa normativa de desenvolvemento, ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, [ver 6.4 da resolución do 3 agosto] ou fosen suxeitosdunharevogacióndalgunha das axudas contempladas neste plan ou en anteriores plansetais de vivenda por causas imputables ao solicitante.

Non poderán obter a condición de beneficiarias os promotores que houberan percibido axudas para actuacións privativas ás que se refire o artigo 2, nos 4 últimos anos a partir da data de concesión da cualificación definitiva. Sen embargo si poderán solicitar axudas, cando se trate de actuacións que afecten aos elementos comúns do edificio no que sexan titulares dunha vivenda.

Un mesmo promotor sexapersona física ou xurídica só poderán ser beneficiario/a destas axudas nesta convocatoria por un máximo de unha actuacións (vivendas), excepto que sexa para elementos comunitarios, caso no cal non se lle aplicará dita limitación. No caso dunha rehabilitación integral dun edificio con propietario único non se aplicará dita limitación.

As persoas interesadas ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello establece na convocatoria así como aos demais requisitos que se establezcan nesta orde e demais normativa reguladora.

Terceiro.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras desta Convocatoria, foron aprobadas con data do 4 de decembro de 2019, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo (Acordo 6/247), atópanse publicadas no presente Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo

Cuarto.- Crédito Orzamentario

O orzamento establece a contía máxima para a concesión das presentes subvencións, en 430.061,00 euros, sendo 346.253,00 € a aportación que corresponde ó Ministerio de Fomento e 83.808,00 € a aportación da Xunta de Galicia, existindo conforme certificación da Tesoureira Municipal de data do 8 de marzo de 2022 de que existe RECREM 15164/2021, por dito importe na aplicación orzamentaria 15220.78900 do vixente presuposto municipal, CP 21XX00041-16ª FASE CASCO HISTORICO LUGO ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN.

Quinto.- Contía

Axuda estatal:

A contía máxima das axudas como regra xeral, non excederá do 40% do custo subvencionable da actuación (sen IVE). Excepcionalmente esta porcentaxe máxima se ampliará ó 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co RD 106/2018.

A contía máxima da subvención calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidos a continuación:

a) Para obras de rehabilitación que acaden os obxectivos de redución da demanda enerxética establecidos no artigo 36 do RD 106/2018 que obteñan unha redución da demanda de polo menos o 25%:

- Doce mil euros por vivenda (12.000,00 €/vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios de vivendas con locais, incrementarase esta contía en centovinte euros por cada metro cadrado (120,00 €/m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

O límite da axuda básica unitaria incrementarase nos edificios e vivendas catalogadas polo PEPRI en mil euros por vivenda (1.000,00 €/vivenda) e dez euros por cada metro cadrado (10,00 €/m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos. Dito incremento aplicarásese o máis unha vez independentemente de que se realicen conxuntamente ou non ditas actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que participen nos custos de execución da actuación.

b) Para as demais obras subvencionables en edificios e vivendas:

- Oito mil euros por vivenda (8.000,00 €/vivenda) obxecto de rehabilitación. No caso de edificios de vivendas con locais, incrementarase esta contía en centovinte euros por cada metro cadrado (120,00 €/m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

- O límite da axuda básica unitaria incrementarase nos edificios e vivendas catalogadas polo PEPRI en mil euros por vivenda (1.000,00 €/vivenda) e dez euros por cada metro cadrado (10,00 €/m²) de superficie construída de local comercial ou outros usos. Dito incremento aplicarásese o máis unha vez independentemente de que se realicen conxuntamente ou non ditas actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que participen nos custos de execución da actuación

Axuda autonómica:

No caso de que se cumpran os requisitos do apartado b) do artigo 9 desta convocatoria para as axudas autonómicas, se establece a seguinte contía adicional:

- Ata catro mil euros por vivenda (4.000,00 €/vivenda) obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder do 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima se aplicará por vivenda, independentemente do número de actuacións feitas en cada unha delas.

Sexto. Forma e Prazo de presentación

As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentarase en instancia normalizada (ver ANEXOS) no rexistro do Concello de Lugo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, conforme ó disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse coas Administracións Públicas a través dos medios electrónicos, para a realización de calquera trámite do procedemento administrativo, os suxeitos sinalados.

No caso de ser requirida documentación para completar o expediente ou subsanar deficiencias apreciadas na solicitude, a mesma presentarase unicamente no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

Neste procedemento se considerarán as intervencións que afecten exclusivamente a elementos comúns do edificio como unha única solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes será de DOUS MESES contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Leixeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8) en relación coa Base de datos nacional de subvenciones. Así mesmo se publicará o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (www.lugo.gal).

Setimo.- Prazo de execución das Obras

Unha vez concedida a subvención o beneficiario da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) o manifesto de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material que foi obxecto da cualificación provisional, así como o compromiso de sufragar e colocar o cartel exterior, coa imaxe corporativa do plan de vivenda, do Ministerio de Vivienda, da Xunta de Galicia (IGVS) e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras. (ANEXO IV).

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do 30 de novembro de 2026.

Lugo, 30 de maio de 2022.- A TENENTE DA ALCALDESA-DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA, ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarells Fondo.

R. 1443

Anuncio

BASES DO CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN MIÚDO 2022" PARA ELIXIR O CARTEL ANUNCIADOR DO SAN FROILÁN MIÚDO 2022.

BDNS(Identif.):630714

De acordo disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/630714>)

BASES:

1ª.- Poderán concorrer cantos rapaces e rapazas o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cadaquén cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2ª.- Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: LUGO, SAN FROILÁN MIÚDO 2022.

3ª.- O autor ou autora do deseño que resulte gañador recibirá un premio consistente en material de pintura, valorado en 300 €.

4ª.- O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. A autora ou autor renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservará os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

5ª.- A entrega de orixinais, por correo postal ou persoalmente farase na Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, poderase efectuar desde a convocatoria do concurso ata o xoves 16 de xuño ás 14.30 horas.

6ª.- Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos da autora ou autor, tales como nome, apelidos, idade, enderezo, correo electrónico da nai ou do pai e teléfono.

7ª.- Os traballos deberán ser presentados en formato DIN A-4 (21 x 29,7 cm) como mínimo, e deberán entregarse montados sobre cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.

8ª.- O xurado estará integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ou persoa en quen delegue e asistida por persoa do Servizo de Cultura en funcións de secretaria, ambos sen voz nin voto.

As ou os vogais serán designados pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e serán persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura, o turismo e da propia celebración da festa do San Froilán, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

9ª.- O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello de Lugo.

10ª.- Criterios: O xurado pode declarar desiertos os premios no caso de que, a seu xuízo, non se acaden calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade
- Calidade.

11ª.- As obras non premiadas devolveránselles aos autores ou autoras que o soliciten nun prazo dun mes a partir do coñecemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.

12ª.- Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado ou convocada oportunamente.

13ª.- Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

14ª.- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme a disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

15ª.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

Lugo, 31 de maio de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa Delegada de Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Excmo. Concello de Lugo. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 1473

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – XERMADE

Anuncio

BASES IX PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

BDNS(Identif.):630173

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/630173>)

ANUNCIO

BASES IX PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de maio de 2022, aprobou as bases e a convocatoria do IX Premio de Investigación “Xermade na Historia”, cuxo texto íntegro se transcribe literalmente:

“IX PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

O Concello de Xermade e a Asociación de Veciños de Cabreiros, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, convocan o IX Premio de Investigación “Xermade na historia”, financiado pola Exma. Deputación de Lugo, que será regulado polas seguintes

BASES

1. As persoas interesadas poderán participar tanto a nivel individual como colectivo.
2. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexese.
3. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Xermade (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, arquitectura, etc).
4. Haberádous premios:
 - 1º Premio, dotado con 2.000 euros.
 - 2º Premio, dotado con 1.000 euros.
5. Os traballos deberán ser entregados no rexistro do Concello de Xermade baixo pseudónimo, ou a través de correo postal (nunca telemáticamente). En sobre pechado serán incluídos os datos da persoa participante: Nome, enderezo, teléfono...
6. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación:
Curriculum Vitae ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo...
Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: www.xermade.org
7. Deberase entregar o orixinal en papel DIN A4 e copia en CD ou en memoria USB, en PDF e en formato editable, fonte Times New Roman, tamaño 12, e entreliñado 1,5.
8. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 400. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán.
9. Os traballos deberán ser realizados e presentados e en lingua galega. A data límite de presentación dos traballos será o día 24 de febreiro de 2023.
10. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Xermade, e catro vogais: Presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do concello de Xermade. A composición do xurado determinarase por resolución de alcaldía que se fará pública antes do 24 de marzo de 2023.
11. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación.
12. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Xermade a aceptación do Premio no prazo de oito (8) días naturais a partir da data da comunicación da concesión do mesmo.
13. As obras premiadas poderán ser editadas polo Concello dentro do prazo de cinco (5) anos; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida.
14. A Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermade poderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación co traballo. Así mesmo, poderán deixarse en efecto o Premio se o beneficiario incumpre as obrigacións sinaladas nas presentes Bases.
15. As cuestións non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordo co seu libre criterio.
16. A participación no Premio implica a total aceptación das presentes Bases. “

Faise público para xeralcoñecemento.

Xermade, 20 de maio de 2022.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE:V/27/01490

PETICIONARIO:José Luis Rodríguez Bodenlle

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Vivienda en Vilarcabreiro

LOCALIDAD:VilarcabreiroVilamaior de Negral (San Lourenzo)

TÉR. MUNICIPAL: Guntín

PROVINCIA:Lugo

RÍO/CUENCA:Perros de/Perros de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Vilarcabreiro" – "José Luis Rodríguez Bodenlle", con un volumen máximo anual de 310,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Separador de grasas.

-Fosa séptica con filtro biológico.

-Arqueta de control de vertido.

-Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 27 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1445

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01456

PETICIONARIO:Miguel Pereiro Somoza

VERTIDO

DENOMINACIÓN:Vivienda en Farbán

LOCALIDAD:Farbán, Farbán (Santiago)

TÉR. MUNICIPAL:Sarria

PROVINCIA:Lugo

RÍO/CUENCA:Rego de Filloi/Sarria

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Farbán" – "Miguel Pereiro Somoza", con un volumen máximo anual de 262,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica con filtro biolóxico.
- Arqueta de control de vertidos.
- Dos zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 27 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1446